



**VIENNALE**  
Vienna International Film Festival



UN FILME DE  
**RITA AZEVEDO GOMES**



Sophia de Mello Breyner Andresen

Jorge de Sena

{1959-1978}

2 de xuño

—  
Estrea en España



## CORRESPONDENCIAS

Portugal | 2016 | DCP + BluRay | Cor | 145'

**un filme de** Rita Azevedo Gomes **feito por** Acácio de Almeida, Alberto Vaz da Silva, Ana Escada, Ana Paula Eusébio, Anna Leppänen, Boris Nelepo, Carlos Medeiros, Constança Lousada, Cristina Reis, Dimistris Mostrous, Edgardo Cozarinsky, Eva Truffaut, Francisco Nascimento, François Guillaume, Giorgos Delgiannakis, Guilherme Lopes Alves, Henrique Calvet, Hugo Tourita, Jean-Paul Mugel, Joana Ferreira, João Paulo Azevedo Gomes, Joaquim Pinto, Jorque Quintela, José Muxacho, Judy Shrewsbury, Loukia Batsi, Luc Chessel, Luís Miguel Cintra, Luna Picoli-Truffaut, Maria Andresen, Maria Rita Cameira, Maria Cintra, Mariana Parreira, Mário Barroso, Mário Fernandes, Mécia de Sena, Miki Tajima, Neva Cerantola, Olivier Blanc, Paola Giuffrida, Patrícia Saramago, Pedro Pereira, Pierre Léon, Renaud Legran, Rita Durão, Roberta Azevedo Gomes, Sébastien Buchman, Simão Chaves, Susanne Malorny, Tânia Dinis, Tânia Figueiredo, Zé Ameixinha **música orixinal** Alexander Zekke **producción** C.R.I.M. **distribución en España** NUMAX Distribución



C/Concepción Arenal, 9  
15702 – Santiago de Compostela

Para solicitar información, copias ou enlace de visionado,  
contactar con: **Ramiro Ledo** | +34 981 560 250 | [distribucion@numax.org](mailto:distribucion@numax.org)

Para entrevistas coa directora e materiais de prensa,  
contactar con: **Xan Gómez** | +34 981 560 250 | [xan@numax.org](mailto:xan@numax.org)



«Il y a des êtres à travers qui Dieu m'a aimé»

Louis-Claude de Saint-Martin, «El filósofo desconocido», 1743-1803



## NOTAS AO PÉ

«No sol dos meus pátios vazios / A fúria reina intacta»

Sophia Andresen



Primeiro viñeron as cartas – ausencia, exilio, encontros, liberdade, voz, dignidade, xustiza, soidade, medo, tempo, poesía, viaxe, distancia, xuventude perdida, amizade. Asombro: Grecia

«...Gustaríame falarche de todo o que vin, desde o incríbel sabor do viño con resina que me aturdou a noite da miña chegada, até a auga xeadada que bebín nun abafante día de verán nas montañas de Delfos. Pero sinto que apenas son quen de falar diso» (Sophia).



**«Aquí, Sophia, é así... un debe usar unha coitela e resistir os cortes: mais non se está tan só...»**

(Sena, Brasil, xuño de 1962)

Ademais do esencial valor das cartas que nos chegaron como un testemuño directo da invulnerabilidade ao medo, da loita pola liberdade e a xustiza, o que tamén me interesou foi precisamente a correspondencia entre estes dous seres, estes grandes poetas. Unha estraña sorte de amizade incondicional, que sobrevive ao tempo e a distancia. «Continuamente sentimos a túa ausencia e o meu silencio epistolar significa non só falla de tempo senón tamén a miña consternación ao afrontar a distancia.» (Sophia)

**«Esa é a misión do poeta: traer á luz e ao exterior o medo»**

(Sophia)

Logo, ademais, había poemas traducidos a diferentes idiomas e recitados por distintas voces – como se deberan encontrar novos alicerces, como o xesto dos «aedos» que levaban o «antigo e venerábel canto» á praza pública. Esa poesía que primeiro se cantou nos palacios dos deuses gregos.



Logo viu o demais, os poemas, os vellos e novos amigos, desencontros, desexos, ideas de verán, moito, moito traballo, un amor que sobordaba e un sentimento imparábel –o pracer de ver o filme medrar, fragmentarse, un longo *travelling* no tempo, durante tres anos. «... aquí, / e na vulgaridade na que a terra é terra, / e o mar é mar e a praia é praia, o ton / exacto dunha canción divina. Os deuses, se algunha vez existiron, eran así».

**«De amor de poesía e de ter Patria, aquí se trata»**

Jorge de Sena

As cartas, pola súa natureza e dimensión, despertaron en min memorias vívidas dos 60 e 70 en Portugal. Foron os anos da miña xuventude e os máis importantes na miña formación. Foron ademais anos de profundos cambios culturais, políticos e sociais en Portugal, que influenciaron profundamente as seguintes xeracións.





«E só eu sei por que comecei a escribir ao inicio do mundo e debuxei un reno para poder cazalo mellor»



Sempre perdida? Sempre encontrada? Nunca o souben. Pero miles de cousas, tal e como eu as sentía, seguiron a mesma dirección, a onde os poetas, os amigos e o azar me levaron. «Porque pertenzo á clase de xente que mergulla cos ollos abertos / E reconezo o abismo rocha a rocha anémoma a anémoma flor a flor». (*O Minotauro*, Sophia)

«Só nos influenciamos por aquelas persoas que xa son similares a nós». Encontrei esta idea nunha entrevista con Sophia. Logo, citando a Francis Ponge, veu como unha ilustración: «as ideas solicitan o meu acordo, preguntan por el e é doado para min dárllelo; ese agasallo, ese acordo non me proporciona pracer, senón unha certa aversión, unha náusea. Pola contra, os obxectos, a paisaxe, os acontecementos e a xente do mundo exterior gústanme. Fanme crer».

Lembro algúns versos de Jorge de Sena que sempre permaneceron na miña cabeza e finalmente decidín non usar:





## UNHA CARTA CHEGOU...

Cando lle ensinei unha das primeiras montaxes a un «novo amigo», que no curso do filme coñeceu a outro «novo amigo», mandoume esta carta:

«Ola Rita,

Podería falar sobre a unidade perdida: canto máis buscas, máis se bifurcan os camiños.

Podería falar sobre o fermoso e breve travelling baixo as pólas, arroladas ao vento, piar das palabras.

Podería falar do brillante paradoxo que supón presentar a Delfos como o centro do mundo nun «labirinto sen centro» (Jorge Luis Borges e Cozarisnky).

Podería falar sobre a casa derrubada de Sena e de novo sobre o *We Can't Go Home Again*.

Podería falar sobre o salvaxe cinema brasileiro e un veredicto que bailaba na miña memoria: «O maior defecto do filme es ti, espectador. Apresurado por facerte vello. E o filme flúe de vagar. Amas a narración rica e directa. O estilo regular e fluído. E este filme e o meu estilo son cipreses que se moven a esquerda e dereita, que camiñan e paran, que se queixan, badúan, rin e ameazan ao ceo, que esvara e cae» (Fernando Coni Campos). Podería

falar da montaxe borrada de Godard, de Tonacci e outros («*de sípeto nada*») e de «*A viagem*», de Sophia, un marabilloso relato que recentemente lin de novo.

Podería falar das estatuas decapitadas, das rimas imposíbeis e dos versos que xa non se fixeron («*fago algunhas cousas*»).

Porén, «*neste manicomio de cartas perdidas que é a nosa correspondencia*», simplemente quero darche as grazas pola emoción que me brindaches ao ver a Louika proxectada na pantalla. Non sei se ficará na montaxe final ou non. Non sei se volverei sentir o mesmo de novo, pero nese acio de palabras portuguesas e gregas entre Sena e Sophia, baixo as ruínas desa unidade ancestral, milagrosamente ou por azar, unha secreta correspondencia floreceu entre Louika e máis eu, agora separados por moitos países e moitos mares, a desgraza dun Hiperion golpeado e a luminosa Grecia de Diotima. É bastante curioso: aínda non coñecera a Louika e xa me tiña falado fóra de plano sobre a amada e perdida Grecia.

Ao final, só quero darche as grazas por esta fermosa carta que me enviaches. O cinema é marabilloso: filmar correspondencias e acabar como un carteiro.

*Beijinhos e vémonos axiña, M».*

Grazas a todos!



Rita Azevedo Gomes,  
Praia de Guincho, 22 de xuño de 2016

**JORGE DE SENA**  
**1919-1978**

**SONETO XXI, DE «EVIDÊNCIAS»**

Cendrada luz enegrecendo o dia,  
tão pálida nos longes dos telhados!  
Para escrever mal vejo, e todavia  
a dor libérrima que a mão me guia  
essa me vê, conforta meus cuidados.

Ao fim terrível que me espera extenso,  
nenhum conforto poderei pedir.  
Da liberdade o desdobrado lenço  
meu rosto cobrirá. Nem sei se penso  
ou pensarei quando de mim fugir.

Perdem-se as letras. Noite, meu amor,  
ó minha vida, eu nunca disse nada.  
Por nós, por ti, por min, falou a dor.  
E a dor é evidente – libertada.



**SOPHIA DE MELLO BREYNER ANDRESEN**  
**1919-2004**

**PÁTRIA**

Por um país de pedra e vento duro  
Por um país de luz perfeita e clara  
Pelo negro da terra e pelo branco do muro

Pelos rostros de silêncio e de paciência  
Que a miséria logamente desenhou  
Rente aos ossos com toda a exactidão  
Dum longo relatório irrecusável

E pelos rostos iguais ao sol e ao vento

E pela limpidez das tão amadas  
Palavras sempre ditas con paixão  
Pela cor e pelo peso das palavras  
Pelo concreto silêncio limpo das palavras  
Donde se erguem as coisas nomeadas  
Pela nudez das palavras deslumbradas

Pedra rio vento casa  
Pranto dia canto alento  
Espaço raiz e água  
Ó minha pátria e meu centro  
Me dói a lua me soluça o mar  
E o exílio se inscreve em pleno tempo





## SINOPSE

Sophia de Mello Breyner Andresen e Jorge de Sena son dous dos escritores portugueses máis importantes do século XX. O exilio de Jorge, perseguido polo salazarismo, iniciárase en Brasil en 1959 e continuará nos Estados Unidos, onde falecerá en 1978. Nunca volverá a Portugal.

Estas cartas, postas en escena de maneira exemplar por Rita Azevedo Gomes, unen na distancia a Jorge e Sophia, alimentando unha complicitade afectiva e intelectual que manterán até a fin das súas vidas. A súa correspondencia e os seus poemas atravesan corpos, idiomas, países e imaxes nun filme-ensaio onde historia, política, pasado e futuro se mesturan con liberdade e absoluta mestría cinematográfica.







universo referencial decididamente feminino. E este filme inaugural seguen outros de media e longa metraxa proxectos e aclamados en festivais internacionais -Venecia, Montreal, BAFICI, Turín, Viennale, Jeonju, DocLisboa, Marsella, Cinesul Rio, entre outros- e distribuídos en Portugal, Francia e España. En 2013, o BAFICI organizou una retrospectiva completa do seu traballo.



## RITA AZEVEDO GOMES

A súa carreira comeza a inicios dos 70 e comprende cinema (con Manoel de Oliveira, Noronha da Costa, Werner Schröeter, Eduardo de Gregório, Valeria Sarmiento e outros), teatro (*A gaivota* de Chejov, *Antígona* de Sófocles, *Bérénice* de Racine, etc.) e ópera (*A rainha das fadas*, *O rei Arthur*, *A Traviata*, *Idomeneo*, *Platea*, *O entroido dos animais*, etc.)

Durante 30 anos traballou man a man con João Bénard da Costa, primeiro no Departamento de Cinema da Fundación Gulbenkian e, desde 1993, na Cinemateca Portuguesa. Durante este tempo forxou unha sólida reputación polos seus traballos de deseño gráfico en catálogos de cinema e publicacións cinematográficas.

A súa filmografía empeza en 1990 con *O som da terra a tremer*, unha obra intimamente ligada co cinema de Marguerite Duras que presenta un

Porén, non será até 2016 cando o seu cinema se dea a coñecer ante o público español, coa estrea por parte de NUMAX Distribución d'*A vinganza dunha muller* (2012) exemplar adaptación d'*As diabólicas* de Barbey d'Aurebilly, que namorou a espectadores de todo o país. 2017 é o ano de *Correspondencias*, unha obra de arte total que a consolida como unha das grandes directoras do noso tempo.

### Filmografía

*O Som da Terra a Tremer*, 1990

*O Cinema Vai ao Teatro*, 1996

*Parabéns Manoel de Oliveira:*

*Intromissões*, 1998

*Rei Artur*, 1999

*Frágil Como o Mundo*, 2002

*Altar*, 2003

*A 15ª Pedra: Manoel de Oliveira*

*e João Bénard da Costa*, 2004

*A Conquista de Faro*, 2005

*A Coleção Invisível*, 2009

*A vinganza dunha muller*, 2012

[Estreada por NUMAX Distribución]





«Una experiencia única, o cinema como algo a descubrir»  
Sergio Wolf

«Un filme poético e conmovedor»  
Francesco Boille, INTERNAZIONALE

## A PRENSA DIXO

«Un filme que nos vai acompañar toda a vida»

Alfonso Crespo, DIARIO DE SEVILLA

«O mellor de 2016»

REVISTA LUMIÈRE

«Fermosa e fascinante.  
Unha elexía cargada de significado»

Diego Batlle, OTROS CINES



UN FILME DE  
RITA AZEVEDO GOMES

# Correspondências

«Un filme que nos vai  
acompañar toda a vida»

Alfonso Crespo, DIARIO DE SEVILLA

  
C. R. I. M.  
produções

  
MINISTÉRIO  
DA CULTURA

  
INSTITUTO DO CINEMA  
E DO AUDIOVISUAL

  
CAMÕES  
INSTITUTO  
DA COOPERAÇÃO  
E DA LINGUA  
PORTUGAL  
MINISTÉRIO DOS NEGÓCIOS ESTRANGEIROS

  
www.numax.org